

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE MOAÑA**

ANUNCIO da oferta de emprego público do ano 2023.

Na Resolución da Alcaldía nº 2023-0614, do 30 de xuño, aprobouse a seguinte oferta de emprego público para o exercicio de 2023, coa especificación das prazas relacionadas xunto coa súa denominación e clasificación:

Persoal funcionario de carreira. Taxa de reposición de efectivos.

| Nº | Denominación | Grupo | Subgrupo | Escala | Subescala | Titulación | Provisión |
|----|----------------------|-------|----------|---------------|----------------|----------------------------|-------------------|
| 1 | Inspector de policía | A | A2 | Adm. especial | SS especiais | Grao universitario | Promoción interna |
| 2 | Policía local | C | C1 | Adm. especial | SS especiais | Bacharelato ou equivalente | Quenda libre |
| 1 | Administrativo/a | C | C1 | Adm. xeral | Administrativa | Bacharelato ou equivalente | Quenda libre |
| 1 | Bibliotecario/a | A | A2 | Adm. especial | Técnica | Grao universitario | Quenda libre |

Persoal laboral fixo. Taxa de reposición de efectivos.

| Nº | Denominación | Grupo | Subgrupo | Titulación | Provisión |
|----|--------------|-------|----------|----------------|--------------|
| 2 | Limpador/a | 5 | 5B | Non se require | Quenda libre |

O que se publica en cumprimento do ordenado na resolución de aprobación desta.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, consonte o disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes, segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, e



entenderase rexeitado polo transcurso do dito prazo sen resolución expresa notificada, entón os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, consonte o establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren procedente conforme dereito.

Moaña, 8 de agosto de 2023

Leticia Santos Paz
Alcaldesa

